


**ANEXO V**  
**Modelo de cartel**



**CARACTERÍSTICAS:**

**1. Dimensións mínimas:**

- Alto: 157,5 cm
- Ancho: 210 cm

**2. Materiais:**

- Empregaranse láminas de chapa de aceiro galvanizado de 1,2 mm de espesor e de 17,50 cm de altura. Para obras de investimento inferior a 50.000 €, non será preciso o uso de aceiro galvanizado.

**3. Texto:**

- Empregarase a tipografía Xunta Sans en cor branca, con referencia pantone white/RGB 255, 255, 255, sobre un fondo azul, pantone 7461 C/RGB 0,123,196.
- O título da actuación non superará as dúas liñas e a altura do texto non será superior a dous terzos ( $2/3$ ) da altura do texto do logotipo da Xunta de Galicia. O tamaño de texto recomendado é 235 pt.
- Os datos da obra terán unha altura de texto non superior a metade ( $1/2$ ) da altura do título. O tamaño de texto recomendado é 110 pt.

**4. Logos e marxes:**

- O logo da Xunta de Galicia ocupará o ancho do soporte cunha marxe ao seu arredor da metade do ancho do escudo.
- A altura do logo do concello será, como máximo, o sesenta por cento (60%) da altura do logo da Xunta de Galicia.

**5. Datos do orzamento e da subvención:**

- Os datos do orzamento subvencionable e da subvención concedida serán os indicados na notificación de concesión da subvención.